

celga 4

UNIDADE
1

quen son?



Tarefa final: redacción do meu currículo

obxectivos

Transmitir información persoal completa

Coñecer os meus compañeiros

Uso da lingua en situacións formais

Redacción e comprensión de CV

1. Actividade introdutoria:

a. Hoxe é o primeiro día de clase. Nunha folla de papel, prepara unha lista de tres datos interesantes sobre a túa vida laboral ou profesional e entrégalla ao profesor. Non poñas o nome.

Exemplo:

- *Cando estudaba, traballei de recepcionista nocturno nun hotel.*
- *O meu primeiro emprego pagado foi como futbolista no Boiro F. C.*
- *Traballo nun banco, pero é posible que leas de vez en cando as miñas críticas musicais no periódico.*

b. Agora o profesor vai repartir entre toda a clase os papeis que escribistes. Avísao se che toca o teu.

c. Tes dez minutos para atopar a quen escribiu a folla que tes na man. Pregúntalle máis cousas sobre el ou ela, porque vas ter que presentarllo ao resto da clase. Ten en conta que tamén lle tes que dar información á persoa que ten a túa folla.

d. Xa tes parella para o resto da actividade.

2.

a. Le o seguinte texto extraído de marcusmerk.blogspot.com



Esta é Kaiserlautern, a miña cidade, a cidade de Ulrika.

Kaiserlautern é unha agradable cidade renana de 100.000 habitantes, tranquila, co seu castelo medieval, o seu xardín botánico, a súa piscina municipal de 160 metros de longo, o seu equipo de primeira división.

Pero Kaiserlautern é tamén a cidade dos 35.000 estadounidenses porque aquí están algunhas das principais bases militares

americanas no continente. Entre elas, a de Ramstein, onde en 1988, nun accidente, tres avións da patrulla acrobática italiana se espetaron en pleno voo. Un dos avións caeu ao chan e explotou. Morreron 70 persoas, case 400 resultaron feridas.

Entre os mortos estaba Otto, o pai de Ulrika. Ela disque lembra perfectamente o momento do accidente. Estaba coa súa nai, vendo a televisión na cociña. De súpeto, un avance informativo e aparece Ramstein, e aparece o accidente e, nese momento, saben perfectamente que Otto estaba alí e que seguramente estaría xa morto. Apenas tardaron 30 minutos en chamalas ao teléfono. A nai non facía máis que repetir: Italianos tiñan que ser! Ulrika di que aquel día non chorou. Agora chora cada vez que lle vén á memoria.

A min tamén me morreu un amigo en Ramstein, Uwe. Realmente non era moi amigo, pero non sei por que naquel momento me facía ilusión poder dicir que un amigo meu morrera en Ramstein. Supoño que me daba rabia ser de Kaiserlautern e non ter amigos que morreran en Ramstein.

Xa ves que Kaiserlautern é unha cidade tranquila, pero na que ocorren tamén cousas que paga a pena recordar.

b. Escribe un texto de entre 150 e 200 palabras (o texto de Marcus ten 260) sobre a túa cidade ou a túa aldea. Seguro que hai algo interesante que contar.

Cando o teñas escrito, pon o teu nome sobre a cidade, no mapa do mundo que o profesor ten colocado na fronte da clase.

3. Agora xa estamos todos situados no mapa. Imos falar un pouco da nosa vida.

a. Aquí tes unhas fichas de persoas famosas. Elixes unha e, coa túa parella, tenta facer un resumo de menos de catro liñas da súa vida. En caso de que teñas problemas para entender ou escribir algo, pregúntalle ao profesor.

Bill Gates

William Henry Gates III naceu o 28 de outubro de 1955, nunha adinerada familia de Seattle. Seu pai, William H. Gates II, era un avogado de Seattle e a súa nai, Mary Gates, profesora da Universidade de Washington e presidenta de United Way International.

Gates realizou os seus estudos primarios na escola privada Lakeside School, onde comezou a interesarse no software e comezou a programar ordenadores aos 13 anos.

En 1973, Gates entrou en Harvard, onde coñeceu a Steve Ballmer, actual director xeral (en inglés, chief executive) de Microsoft. Mentres estaba en Harvard, Gates desenvolveu un compilador para a linguaxe de programación Basic, destinada ao primeiro microordenador, o MITS Altair.

En 1975, funda co seu amigo da infancia, Paul Allen, a empresa de informática Microsoft. Inicialmente, cada un tiña a metade das accións da compañía, aínda que logo Gates obtivo maiores cotas de poder. Microsoft mércalle a unha empresa chamada Seattle Computer o QDOS (Quick and Dirty Operating System), sistema operativo rápido e sucio que renomea como MS-DOS e que lle vende a IBM como sistema operativo do primeiro PC, obtendo unha parte de beneficio por cada copia que se vendese co IBM-PC e conservando Microsoft os dereitos para licenciar o sistema a terceiras compañías.

Gates casou con Melinda French o 1 de xaneiro de 1994, coa que ten tres fillos: Jennifer Katharine Gates (nada o 26 de abril de 1996), Rory John Gates (nado o 23 de maio de 1999) e Phoebe Adele Gates (nado o 14 de setembro de 2002).

En 1995, a súa compañía presenta o sistema operativo Windows 95. En 1996, a revista Forbes colócao primeiro na súa lista de persoas máis ricas do mundo, cunha fortuna aproximada de 18.500 millóns de dólares. En 1997, a súa fortuna é a segunda do mundo, sendo de 36.400 millóns de dólares. En 1998, volve recuperar o primeiro posto. A súa fortuna estímase ese ano como de 51.000 millóns de dólares. En 1999, a súa fortuna continúa a ser a primeira, concretamente de 90.000 millóns de dólares, triplicando o terceiro na lista, o seu amigo e cofundador de Microsoft, Paul Allen. En 2000, a súa fortuna calcúlase en 60.000 millóns de dólares. Bill & Melinda Gates Foundation

En xaneiro do 2000, Gates fundou coa súa esposa a Bill & Melinda Gates Foundation, unha organización sen ánimo de lucro destinada a levar os avances tecnolóxicos a todo o mundo, a abrir bibliotecas públicas, a loitar contra as enfermidades máis estendidas... A fundación ten a súa sede en Seattle, Washington.

Isaac Díaz Pardo

Isaac Díaz Pardo naceu en 1920 na casa da Tumbona, da compostelá rúa das Hortas. Frecuentou desde moi neno o taller do seu pai, Camilo Díaz Baliño, escenógrafo, pintor e cartelista, no que se celebraban reunións moi na órbita das Irmandades da Fala, das que o pai de Isaac era membro activo.

Os sucesos da Guerra Civil española acabaron coa vida de Díaz Baliño, xusto cando Isaac cursaba os estudos de bacharelato e proxectaba acceder á Escola de Arquitectura. Porén, a realidade daqueles sucesos levárano nun primeiro momento a ter que agacharse na casa do seu tío Indalecio para salvar a vida e, despois, a traballar como rotulista nunha industria coruñesa de pintura industrial.

Terminada a guerra, Isaac ingresou na Escola de Belas Artes de San Fernando e, en 1941, participou na primeira experiencia que se facía en España sobre deseño industrial, dirixida por Sáinz de Tejada e na que participaban cinco alumnos de arquitectura e outros cinco de San Fernando. Rematados os estudos de Belas Artes, en 1942 a obtención da bolsa Conde de Cartagena permitiulle realizar unha viaxe de estudos e mostrar o seu talento artístico en Roma, Florencia e Siena. Pouco despois, cubriu unha praza de profesor auxiliar de Debuxo na Escola Superior de Belas Artes de San Jordi de Barcelona e realizou diversas exposicións en Madrid, Barcelona, Londres, Vigo, Bos Aires...

En 1948, abandonou a dedicación ás artes plásticas e comezou a súa obra de ceramista, montando unha planta industrial no Castro de Samoedo, preto de Sada, na que, ensaiando materias primas utilizadas no antigo Sargadelos, produciu unha porcelana de moi boa calidade.

No ano 1955, viaxou por primeira vez a Arxentina, onde iniciou outra experiencia industrial de cerámica, a da Magdalena, a 108 km de Bos Aires e onde, con Luís Seoane e o apoio dos intelectuais galegos alí exiliados, constituíu o Laboratorio de Formas, que proxectou a creación dunha serie de empresas recuperadoras da memoria histórica de Galicia, convertidas logo en realidade, como a restauración do complexo de Sargadelos e o seu Seminario de Investigación, o Museo Carlos Maside, Edicións do Castro, Seminario de Estudos Galegos, Laboratorio de Industria e Comunicación, Instituto Galego de Información...

Díaz Pardo tamén cultivou o ensaio e a crítica, produción entre a que habería que subliñar os libros: Xente do meu rueiro, Bos Aires, 1954; Midas. O ángulo de pedra, Bos Aires, 1956; El ceramista Arranz y su escuela, A

Coruña, 1960; Galicia hoy, en colaboración con Luís Seoane, París, 1965; Paco Pixiñas, en colaboración con Celso Emilio Ferreiro, cartel de cego, A Coruña, 1970; A nave espacial, cartel de cego, A Coruña, 1970; El Marqués de Sargadelos, cartel de cego, A Coruña, 1970; Castelao, cartel de cego, A Coruña, 1985; Galicia hoy y el resto del mundo, A Coruña, 1987, ademais de diversos traballos xornalísticos, principalmente de historia contemporánea.

b. Igual que no caso destes personaxes, seguro que podes contar a túa vida en poucas palabras. Proba a contarlla á túa parella, para estar preparados para a seguinte actividade.

4. Como produto final do traballo que levamos feito, imos escribir os nosos currículos. Para iso, primeiro imos ver algúns xeitos diferentes de redactalos.

O profesor pode proporcionar un par de modelos oficiais, pero xa se sabe que un CV debe redactarse de xeito acorde ao seu destino. Non é igual para un posto de traballo de funcionario que para pedir unha bolsa ou un traballo de comercial.

O profesor xa vos preparou un pequeno informe para traballar por parellas. Nel atoparás:

- Un texto dun compañeiro no que fala de tres cousas interesantes da súa vida.
- Unha descrición do lugar do que vén, coa narración dun suceso memorable que pasou na súa cidade ou na súa vila.

Todos sabemos que non se pode pecar de modesto cando se redacta un CV, así que o mellor é que vos axude a vosa parella. Cos datos que ten xa da vosa vida, ten que preparar unha serie de preguntas para completar o voso CV. E ao revés: ti debes preparar o seu.

a. Toma de datos: ademais do que che contou, hai unha serie de datos que non se poden pasar por alto. Anótaos no seguinte cadro:

Nome completo	
Data de nacemento	
Lugar de nacemento	
Estudos	
Vida profesional	
Afeccións	
Idiomas que fala	
Outros	

b. Redacción: cada un escribe o CV do compañeiro, que lle entrega para a súa corrección final.

c. Ademais, cada un ten que preparar unha presentación do seu compañeiro para o resto da clase. Pode usar datos do CV, cousas que comentaron mentres traballaban ou calquera outro tipo de información: o seu signo do zodíaco, o significado do seu nome (no informe inclúese unha escolma de nomes galegos co seu significado) etc.

d. Facemos unha rolda na que cada un vai presentando o seu compañeiro, sen esquecer que non debe pasar de dous minutos e que debes contar algo interesante sobre el ou ela. Podes tamén contar cousas da súa cidade, para o que podes contar co mapa que estará na fronte da clase.



Guía para o profesor

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes.
2. Os materiais complementarios do informe pódense entregar ou imprimir para uso común de todos os estudantes. Pódense incrementar con materiais reais impresos, proxeccións ou calquera material dispoñible na aula.

Inclúense os seguintes:

- Unha lista de nomes galegos de home e de muller.
- Un modelo de CV europeo normalizado.
- Unha ficha para o informe.

O profesor debe proporcionar un mapa que inclúa o lugar de procedencia dos estudantes.

3. Materiais para o cartafol:

- Ficha de control de autoavaliación.
- Materiais xerados do proceso das actividades 1 e 2. CV completo (tarefa final).

Parte dos documentos adxuntos son materiais reais que non foron manipulados co fin de manter o seu formato. Nin o autor nin a Secretaría Xeral de Política Lingüística poden garantir a corrección informativa ou textual destes.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?

celga 4

UNIDADE
1

quen son?



material complementario

Este é un pequeno cartafol con materiais para o traballo da unidade 1.

MODELO DE CURRÍCULO EUROPEO

INFORMACIÓN PERSOAL

Nome
Enderezo

Teléfono
Fax
Correo electrónico

Nacionalidade
Data de nacemento

Apelidos, nome
Número, rúa, código postal,
localidade, país

Día, mes, ano

EXPERIENCIA LABORAL

• Datas (de – a)

Empezar polo máis recente e ir engadindo á parte a mesma información para cada posto ocupado.
• Nome e enderezo do empregador

- Tipo de empresa ou sector
- Posto ou cargo ocupados
- Principais actividades e responsabilidades

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

• Datas (de – a)

Empezar polo máis recente e ir engadindo á parte a mesma información para cada curso realizado.
• Nome e tipo de organización que impartiu a educación ou a formación

- Principais materias ou capacidades ocupacionais tratadas
- Título da cualificación obtida
- (Se procede) Nivel alcanzado na clasificación nacional

CAPACIDADES E APTITUDES PERSOAIS *Adquiridas ao longo da vida e da carreira educativa e profesional, pero non necesariamente avaladas por certificados e diplomas oficiais.*

LINGUA MATERNA

Escribir a lingua materna.

OUTROS IDIOMAS

idioma • Lectura

Indicar o nivel: excelente, bo, básico. • Escritura

Indicar o nivel: excelente, bo, básico. • Expresión oral

Indicar o nivel: excelente, bo, básico.

Describilas e indicar onde se adquiriron.

CAPACIDADES E APTITUDES SOCIAIS *Vivir e traballar con outras persoas, en contornas multiculturais, en postos onde a comunicación é importante e en situacións onde o traballo en equipo resulta esencial (por exemplo, cultura e deportes), etc.*

CAPACIDADES E APTITUDES ORGANIZATIVAS *Por exemplo, coordinación e administración de persoas, proxectos, orzamentos; no traballo, en labores de voluntariado (por exemplo, cultura e deportes), no fogar, etc.*

Describilas e indicar onde se adquiriron.

CAPACIDADES E APTITUDES TÉCNICAS
Con ordenadores, tipos específicos de equipos, maquinaria, etc.

Describilas e indicar onde se adquiriron.

CAPACIDADES E APTITUDES ARTÍSTICAS
Música, escritura, deseño, etc.

Describilas e indicar onde se adquiriron.

Outras CAPACIDADES E APTITUDES *Que non se nomearon anteriormente.*

Describilas e indicar onde se adquiriron.

PERMISO(S) DE CONDUCCIÓN

INFORMACIÓN ADICIONAL

Introducir aquí calquera información que se considere importante, como persoas de contacto, referencias, etc.

Anexos

Enumerar os documentos anexos.

**Escolma
de nomes:
elas**



XUNTA DE GALICIA



Agar

Do hebreo *hagar*, 'fuga', 'fuxitiva'.

Agarimo

Derivado do latín *aggreiare*, 'coller no colo'.

Aldara

Antigo nome galego de orixe xermánica, 'guerreiro'.

Alexandra/Xandra

Do grego *Aléksandros*, composto do verbo *alekso*, 'protexer' e o substantivo *andros*, 'home', é dicir, 'defensora dos homes', a través do latín *Aléxander*, *Alexandri*.

Aloia

Monte do mesmo nome en Tui.

Ana

Do hebreo *Hannah*, '(Deus) axudou' ou 'Deus tivo misericordia'.

Anadía

Do topónimo portugués *Anadía*, de *aqua nativa*, 'auga orixinal'.

Animia

Antigo nome galego procedente do latín *animius*, derivado de *anima*, 'vida, alma'.

Antela

Probablemente diminutivo de *anta*, 'dolmen' ou 'pedrafiña' e, pola súa vez, do latín *antae*, *-arum*, 'pilastra, esteo'.

Antía

Do grego *Anthía*, 'florida', 'extraída das flores'. Referíase ao primeiro panal de mel que fabricaban as abellas, tamén chamado en galego entena. Nome de escravas orientais liberadas e mesmo de mulleres libres.

Aragonta


Nome xermánico composto por *ara-*, 'aguia', e *guntia*, derivado de *gunti*, 'loita'. De *Aragontia*, derivado deste nome, procede o topónimo Aragonza (Pontevedra).

Auria

Do latín *Aurea*, feminino de *aureus*, 'áureo, de ouro'; era un título de Venus pola riqueza dos seus templos. Pode aludir á cor do cabelo. O nome máis antigo de Ourense que, quizais, perdura en Oira.

Auta

Probablemente proveña do latín *aucta*, 'aumentada (en graza, en virtudes)'.



Barca

Esta palabra, que se empeza a rexistrar no latín serodío, axiña se difundiu a outras linguas. Posiblemente significase 'caixón, artesa' e dela deriva a palabra 'barco'.

Beatriz

Do latín *Beatrix*, derivado de *beare*, 'facer feliz'.

Belinda

Do xermánico *Betlindis*, nome composto formado por *lindi*, 'serpe', 'que constitúe o segundo elemento de moitos nomes xermánicos femininos, e dun primeiro elemento descoñecido. Outra hipótese é que é a variante evolucionada de *Berlinda*, que deriva do xermánico *berin*, 'oso', e *lind*, 'escudo', 'ese, escudo do oso'.

Branca

Nome cristián feminino equivalente a Alba e Neves. Vén do xermánico *blank*, 'branco, claro, brillante', que veu substituír practicamente o *albus* latino como adxectivo na lingua común.

Brenda

Nome anglosaxón, talvez da mesma raíz que Brandán (véxase), que parece que é a súa forma feminina, e así o consideran hoxe en Irlanda.

Bríxida

Nome de orixe céltica (*Brigit* no antigo irlandés); trátase dun nome persoal pagán, probablemente relacionado co da deusa Brígantia, 'a alta, a excelsa'.

Brunilde

Do xermánico *brunnia*, 'coiraza', e *hild*, 'combate, batalla'; debe significar 'a que loita con coiraza'.

Caetana

Do latín *Caietanus*, hantilicio que designa 'habitante de Caieta', 'hoxe Gaeta (Italia), que se volveu despois apelido latino, 'da familia de Caio'.

Camiño

Nome céltico chegado a nós a través do latín *camminus*, 'camiño', que entrou a competir coas palabras latinas *via*, 'estrada', e *iter*, 'viaxe'.

Carolina

Do xermánico *karl*, latinizado en *Carolus*. Nun principio, era un nome común que indicaba un 'home libre, pero sen bens de seu'; logo pasou a designar o cargo de 'mestre ou mordomo do pazo' entre os reis francos. Cando o poder destes mordomos medrou, *karl* pasou a ser un título e, finalmente, chegou a ser un nome propio.

Carme

Procede dun topónimo, o dun monte situado entre a fronteira de Galilea e Samaría. Este monte é o *Carmelus* en latín e *Kármelus* en grego. Significa 'xardín', pola abundancia de flores que medraban nas súas abas.

Catuxa

Este nome que, ata hai pouco era forma familiar de Catarina, adquiriu recentemente a condición de nome formal. Procede do grego *katharós*, 'puro'.

Celeste

Do latín *Caelestis*, 'celeste, do ceo'.

Celia

Nome latino que fai referencia a *Caelius*, un dos sete coutos de Roma.

Celta/Celtia

Posiblemente este era o nome do pobo que os romanos coñecían como *Galli*, 'os galos'. Os gregos chamábanlles *Keltai* ou *Keltoi* 'os celtas', cando falaban deles en plural.

Do hebreo *Aharon*, nome do irmán de Moisés, prímetro gran sacerdote de Israel, probablemente proceda de *aron* 'arca', aínda que hai outras interpretacións, como 'iluminado', 'montañés' ou 'alto'.

Arón

Nome probablemente inventado polos historiadores do século XIX, fabulando unha historia mítica romana da cidade de Hadria (Italia). A orixe parece ser etrusca. Podería estar tamén ligada a un *Artain* das linguas célticas (divindade ligada ao pastoreo e á agricultura).

Atonso

É un nome formado en Galicia pola confluencia de catro nomes xermánicos moi próximos: *Aldefunsus*, *Hildifunsus*, *Hathunsus* e *Alatunsus*. O elemento *funs* significa 'rápido, velo, valente'.

Adrián/Adrán

Antigo nome galego, frecuente na época medieval, pero de orixe sumamente escura. Para uns deriva do topónimo *Alas* (derivado de *agras*, 'campos grandes', ou de *areas*, 'currais das casas'); para outros, está relacionado coa raíz prelatina *ar-*, 'val', ou con *anas*, 'rio'.

Alberte

Pénsase que procede da confluencia de varios nomes preexistentes co elemento común *berth*, 'claro, ilustre'.

Airas

Antigo nome galego, frecuente na época medieval, pero de orixe sumamente escura. Para uns deriva do topónimo *Alas* (derivado de *agras*, 'campos grandes', ou de *areas*, 'currais das casas'); para outros, está relacionado coa raíz prelatina *ar-*, 'val', ou con *anas*, 'rio'.

Albino

Pénsase que procede da confluencia de varios nomes preexistentes co elemento común *berth*, 'claro, ilustre'.

Aldo

Procede do longobarde *ald*, 'adulto, crecido, vello'. Tamén relacionado co alemán *alt* e co inglés *old* e probablemente sexa o participio do verbo *alan*, 'alimentar, crecer'.

Aldán

Probablemente deriva de *Aldo* (véxase). Hoxe é un topónimo que se converteu en nome persoal galego que non ten equivalente noutras linguas.

Alaixo/Alexo

Do grego *Alaios*, 'defensor, protector'. Popularizouse na Idade Media por causa do santo que levaba este nome.

Amigo

Antigo nome galego, hoxe máis ben apelido, derivado do latín *amicus*. Este nome de significado evidente é un nome augural; é dicir, un nome-desexo expresado polos pais ao meniño.

Amil

É un dos topónimos que recentemente se converteron en antropónimos. Aínda que hoxe ten máis uso como feminino (*Virxe da Amil*), foi na súa orixe un nome de home, *Alamiro*, 'moi famoso, célebre, famosísimo'.

Andrés/Andel

Do grego *András*. Algúns derivano de *andréa*, 'virtudade, valor'.

Antón

Do latín *Antonius*, nome dunha gens romana, posiblemente de orixe etrusca, de significado escuro.

Anxo

Do latín eclésástico *Angelus* e, este, do grego *aggelos*, 'mensaxeiro'.

Diego
A orixe está na forma *Didacus*, de procedencia dubidosa. Talvez sexa a masculinización do nome feminino *Didaca*, 'doutrina, instrución'.

Dímas
De orixe descoñecida, quizais relacionada coa cidade aquea Dyme ou adaptación cristiá de *Dio-master*, 'que busca a Deus', ou *Di-machos*, 'que combate polos dous lados'.

Domingos
Do latín *Dominicus*, 'do señor'. Chegou a Galicia por vía culta e por iso conserva o -s do nominativo latino.
Duarte
Do anglosaxón *Eadward*, composto de *ead*, 'riqueza, posesións', e *ward*, 'garda, gardián'; isto é, 'que vivía as riquezas', 'gardían dos bens'.

Cosmede/Cosme
Do latín eclesiástico *Cosmas*, desde o grego *Kosmās*, a partir de *kosmion*, 'ornamento'; ou ben de *kosmos*, 'modesto, moderado'; pola súa vez, derivado de *kosmos*, 'ordenar, poñer en orde'.

Crispín
Do latín *Crispinus*, apelido romano derivado de *Crispus*, 'de pelo crecho'.
Cristián
Do latín *Christianus* e, este, do grego *Christiānos*, 'seguidor de Cristo'.

Cristo
Segundo nome de Xesús, procede do grego *Christós*, derivado do verbo *chrēin*, 'unxido con óleo', 'o unxido', 'o escollido por Deus'.
Cristovo
Nome cristián-romano, de orixe grega, *Christophoros*, 'portador de Cristo', 'o que leva a Cristo'.

Daniel
Nome hebreo composto do substantivo *dayām*, 'xuíz' ou, mellor, 'do perfecto do verbo *dan*', 'xuíz', 'mais -el', 'Deus'. No primeiro caso, significa-ria 'Deus é o meu xuíz' e, no segundo, 'Deus xuíz-gou'.
Davide/David
Do hebreo *Dawidh*, que uns interpretan como 'o amado' e outros relacionan co antigo astrio *dawidum*, 'comandante (das tropas reais)'.

Denis/Dins
Nome procedente do francés *Denis*, apóstolo da Galia e, este, do latín *Dionysius*, 'relativo a Dionisos', 'fillo de Deus'.

Estrela
Do latín *stellula*, diminutivo de *stella*, 'estrela'.

Ester
Nome bíblico. Considérase de orixe persa, relacionado con *(i)stareh*, 'estrela', con raíz nunha antiga palabra indoeuropea *ter-*, que aínda vive en moitas linguas.

Elsa
Pode ser unha forma familiar de Elisa ou a aceptación da escrita alemá *Elsa*, diminutivo de *Elisabeth*.

Edite
Do inglés *Edith* e, este, do anglosaxón *Eadgydh*, que significa 'que combate pola riqueza'.

Dubra
Nome céltico que antes era topónimo e que agora é xa nome de muller. O nome deste afluente do río Tambre significa 'augas'.

Diana
Do latín *Diana*, nome dunha deusa moi popular en Roma, identificada coa Artemisa grega, que presidía a caza e simbolizaba a lúa. O nome ten a mesma raíz ca o latino *dius*, 'celeste, divino, luminoso'.

Dores
Deriva do latín *Dolores*, plural de dolor, e, este, de *doleo*, 'sufrir'.

Dalia
Nome de flor, *Dhalia variabilis*, da familia das compostas que, coma noutros casos, se utiliza como nome propio; o nome deriva do botánico sueco *Dahl*, 'val', que contra o 1789 trouxo esta flor de México a Europa.

Comba
Antigo nome galego procedente do latín *columba*, 'pomba', animal sagrado de Venus. Esta ave é o símbolo da paz no Antigo Testamento e do Espírito Santo no Novo.

Compostela
O topónimo Compostela, segundo o Códice Calixtino (século XII) foi nome propio de muller e quereda dicir 'feitiña, ben composta'.

Guíomar
Nome antigo derivado do xermánico *wig*, 'combate', e *mar*, 'célebre'.

Guía
Advocación mariana procedente do substantivo común guía, do xermánico *witan*, 'guiar'.

Grial
De orixe descoñecida, aínda que o seu significado si se coñece: 'cunca', 'cáliz', máis concretamente refírese á copa que Xesús usou na última cea e que foi obxecto de singular culto relixioso e literario durante toda a Idade Media.

Gloria/Gloria
Do latín *gloria*, 'gloria', 'reputación, creto, sona'.

Flor/Flora/Frol
Do latín *flor*, *floris*, co mesmo significado ca hoxe. O uso deste antropónimo feminino pode responder a un sentido relixioso: María é a flor que, sen murchar, frutificou.

Fedra
Nome grego derivado de *phaidimos*, 'brillante, ilustre' e, este, de *phainein*, que significa 'brillar'.

Faro
É nome de monte, desde que a illa grega de *Pharos* lle deu nome ao faro que nela había. Posiblemente, o monte Faro chegase a ser nome de monte porque os montes eran, en tempos, mediante sinais de fume ou lume, un medio de transmitir diversos avisos, maiormente ante invasións marítimas.

Fara
Nome de orixe discutida. Fálase do xermánico e tamén do árabe *faraj*, *faraján*, 'alegre'. E, finalmente, do hebreo, latinizado en *Phara*, co significado de 'frutífera'.

Faia
Nome de árbore que recentemente se fixo nome de muller.

Helena

Do nome latino *Helena* ou *Helene*, tomado do grego *Helene*. A súa etimoloxía é dubidosa, é posible que proceda da unión das palabras gregas *helane*, 'facho', 'tea' e *hele, heile*, 'fulgor ou calor do sol', 'luz brillante'.

Hilda/Ilda/Elda

Nome xermánico formado co elemento *hiltja* ou *hildi*, que significa 'batalla', 'guerra'. Pasou ao antigo inglés como *Hild*.

Icía/Cecía/Cecilia/Cilla

Do adxectivo latino *caecus*, 'cego'. E, dada a acentuación primitiva na primeira sílaba (*Caécilius*), relaciónase tamén con algúns nomes propios etruscos, como *Caécina*.

Idalia

O xentilicio grego *Idalios* fai referencia aos habitantes da cidade de Idalio, situada no cabo do mesmo nome na illa de Chipre, onde Afrodita, deusa da beleza e do amor, tiña un templo e unha fraga sagrada.

Inés/Einés

Do nome grego (*H)agné*, co significado de 'pura', 'casta'.

Iolanda

De etimoloxía incerta, suponse que deriva do nome do franco-provenzal antigo *Yolant, Yolans* e *Yolande*. Para outros, a orixe é xermánica, quizais composto de *-lind* ou *-linta*, 'escudo'. Atribúeselle o significado de 'cor da violeta'.

Irea/Irena/Iría/Erea

Deriva do nome grego *Eirene*, 'paz', 'deusa da paz', latinizado como *Irene*. Os cristiáns reinterpretárono como 'paz cristiá'.

Iria

Probablemente, do topónimo Iria Flavia.

Irimia

Nome tomado dun topónimo, o Pedregal de Irimia (Meira, Lugo), e de etimoloxía incerta. É un antigo glaciario que dará orixe ás primeiras augas do río Miño.

Isolda

Orixe moi incerta e discutida, probablemente dun nome céltico ou xermánico composto de *isan*, 'ferro', e *hildjo*, 'batalla, combate'. Podería significar 'guerreira dura coma o ferro'.

Lara

Nome tomado da mitoloxía romana: a ninfa do Lacio *Fara* ou *Lala*, 'a larapeteira'.

Lea/Lía

Do hebreo *Le'ah* (adaptado ao grego como *Leia* e ao latín como *Lía*). Pola tradición popular significaba 'fatigada, cansa', pero na actualidade pénsase que o seu significado era 'vacca', en alusión aos rabaños do pai da Lea bíblica.

Ledicia

Deriva do nome latino *Laetitia* 'ledicia', 'alegría', 'felicidade'. Nome augural romano, tomado de Laetitia, deusa da fertilidade e da abundancia.

Leonor/Lianora

De orixe discutida, pode proceder do árabe, 'deus é a miña luz'; do provenzal, *Alienor* (posiblemente en relación co gótico *alan*, 'medrar') ou ben do gálico, *Leonorius*, posible aglutinación de León e Honorio.

Liberdade

Da palabra latina *libertatem*, de transparente significado. Nome ideolóxico recente, de carácter democrático ou libertario, para lle render culto á idea que encerra a palabra.

Lidia/Lédea

Do nome grego *Lydia*, 'muller oriúnda da Lidia, rexión de Asia Menor', xa existente entre gregos e romanos.

Loaira

Palabra común do Courel que significa 'racha de sol que pasa rapidamente' e que, recentemente, se converteu en antropónimo.

Lupa

Do apelido latino *lupus*, 'lobo'.

Lúa

Nome afectivo e augural dado a unha meniña co desexo de que tan luminosa e bela ou de tan influente coma a lúa a latina *luna*).

Lucía

Procede do nome latino *Lucia*, feminino de *Lucius*, nome frecuente, pero de étimo incerto. Parece derivar de *lucus*, 'fraga sagrada', ou de *lux, lucis*, 'luz'. O pobo entendeuno desta segunda maneira e púñaselle este nome aos que nacían de día.

Lurdes

Este topónimo gascón, que os franceses escriben *Lourdes* para adaptalo á súa fonética e que o castelán tomou do francés e non do gascón, quizais estea relacionado co topónimo vasco *Lorede*, 'outeiro'. Hai quen o relaciona cunha antiga base *l'r*, 'pedra, rocha', 'cova ou abrigo pedregoso'.

Madalena/Madanela

Do grego neotestamentario *Magdalené*, que pasou ao latín eclesialístico coma Magdalena, sobrenome étnico que significa 'nativa ou proveniente de Magdala', aldea hebrea do sur do lago de Galilea.

Maior

